Bases do Concurso de Redacción "O Comercio Local"

Participación:
Poderá participar neste concurso todo o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato dos institutos de Santiago de Compostela.

Temática:
O tema dos traballos será sobre "O Comercio Local", enmarcado dentro da Campaña de dinamización comercial da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, en colaboración coa Asociación Cultural "Casino de Santiago".

Características:

Os traballos presentaranse en papel.
No reverso do documento deberán constar os datos persoais do autor: nome, apelidos, idade, curso, dirección, teléfono e centro escolar.
A extensión mínima dos traballos será de 200 palabras.
Os textos deberán estar escritos en galego e centrados na temática de "O Comercio Local".
Todos os traballos presentados serán propiedade da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, que se reserva o dereito de reproducilos ou difundilos sen ánimo de lucro, sen que eso supoña o exercicio de dereitos de autor por parte dos autores.

Criterios de Valoración:

No concurso valorarse a orixinalidade, creatividade, a calidade da escritura, a coherencia, a estrutura, a expresividade, o uso da linguaxe, a pertinencia co tema proposto e a adecuación ás bases do concurso.

Presentación:

O prazo de presentación dos traballos abrirase o 15 de maio e pecharase o 28 de maio, ambos días incluídos.
Os traballos entregaranse aos titores de cada curso en cada un dos institutos participantes.

Forma de selección:

A dirección de cada instituto realizará unha preselección de 6 traballos en cada categoría (ESO e Bacharelato).
Posteriormente, un xurado composto por:

- Un escritor ou escritora de recoñecido prestixo, que actuará como presidente do xurado ou en quen delegue.
- O presidente da Asociación Comercio Punto Compostela CCA (ou quen delegue).
- O presidente da Asociación Cultural "Casino de Santiago" (ou quen delegue).

O xurado seleccionará as mellores redaccións en cada categoría e determinará os gañadores.

Premios:

Concederanse tres premios ás mellores redaccións do alumnado de ESO:
1º PREMIO: 300€
2º PREMIO: 200€
3º PREMIO: 100€
Tres premios ás mellores redaccións do alumnado de Bacharelato:
1º PREMIO: 300€
2º PREMIO: 200€
3º PREMIO: 100€
(ditos importes serán para mercar no Comercio Local pertecente á Asociación Comercio Punto Compostela CCA)

Premio especial ao instituto que presente o maior número de redaccións ao concurso:
UN ORDENADOR.

Entrega de Premios:

Un representante do Concello de Santiago (ou en quen delegue)

Un representante da Deputación da Coruña (ou en quen delegue)

Un representante da Consellería de Educación (ou en quen delegue)